


Insignias (distincións)

Podes empregar a insignias (distincións) para cada curso de xeito que os alumnos/as as reciban cando completen algún dos criterios que marques no curso, por exemplo cando remate unha actividade.


Este sistema tamén está dispoñible no EVA Edixgal

Nesta guía crearemos unha insignia, que recibirán os alumnos/as dun curso cando completen unha actividade (fagan entrega da dunha tarefa)

1.- **Deberemos primeiramente activar o “seguimento de completado”** no curso/materia, para que se detecte cando entregue ou remate a actividade ou actividades. Faremoslo desde o apartado “editar os axustes do curso/materia”.



2.- Na actividade/s creadas, no noso exemplo unha tarefa, escolleremos a opción que consideremos, no novo apartado que aparecerá chamado “completado de actividade”




Desde este momento o alumno/a verá ao lado da/s actividade/s onde o indicádeses, unha marca para indicar se está ou non completada.

3.- Deberemos agora crear unha insignia seguindo estas rutas, segundo esteamos no EVA ou na aula virtual.


4.- Escollendo, engadir unha insignia poderemos crear unha.

5.- Poderemos xestionar as insignias creadas coa opción xestionar insignias.

6.- Unha vez creada (lembra que é obrigatorio que teña unha imaxe), entramos en xestionar insignias, escolléndoa para engadir os criterios. Estes criterio servirán para determinar cando a recibirá un alumno/a. No noso exemplo cando entregue a tarefa.



Entre os criterios dispoñibles, no noso caso escollemos “completado de actividade”, e poderemos escoller a actividade/s que teñan o completado activado (tal como fixemos ao comezo desta guía). Escollemos as actividades ás que se lle aplicará a insignia.



7.- Sempre poderemos cambiar estes criterios, así como calquera elemento da insignia usando a icona da engranaxe.





Probas de Óscar: Xestionar as insignias


[Taboleiro](#) / [Cursos](#) / [Profesorado \(documentos de axuda\)](#) / [Probas para formación](#) / [oscar](#) / [Insignias](#) / [Xestionar as insignias](#)

Probas de Óscar: Xestionar as insignias

Número de insignias dispoñíbeis: 1

Engadir unha nova insignia

Nome	Estado da insignia	Criterios	Destinatarios	Accións
 Proba	Non está dispoñíbel para os usuarios	Os criterios para esta insignia aínda non foron configurados.	0	  

 [Moodle Docs para esta páxina](#)

Vostede accedeu como [Óscar Abilleira Muñiz](#) ([Saír](#))

OSCAR

Se o solicita deberemos “activar a insignia” no botón que aparecerá.

8.- Cando o alumno/a complete o criterio marcado, neste caso entregue a tarefa, recibirá un aviso de que ten unha nova insignia. Sempre poderá ver as insignias “gañadas” no curso/materia, desde a opción correspondente no menú lateral esquerdo.

Inicio Aula Virtual do Ceip Plurilingüe Pedro A. Cerviño  [Óscar para probas Óscar](#)

- oscar
- Participantes
- Insignias**
- Competencias
- Cualificacións
- Taboleiro
- Inicio do sitio
- Calendario
- Ficheiros privados
- Banco de contidos
- Os meus cursos
- oscar
- Administración do sitio

Probas de Óscar

[Taboleiro](#) / [Os meus cursos](#) / [oscar](#) / [Insignias](#)

Probas de Óscar: Insignias

Número de insignias dispoñíbeis: 1

Imaxe	Nome	Descrición	Criterios	Emitid
	insignia de proba	Dado	Os alumnos reciben esta insignia cando completan o seguinte requisito: <ul style="list-style-type: none">Ten que completar a seguinte actividade:<ul style="list-style-type: none">"Tarefa - tarefa de proba"	Data: 1

Vostede accedeu como [Óscar para probas Óscar para probas](#) ([Saír](#))
oscar
[Resumen da retención de datos](#)

